



Parlamento das Letras: Calros Solla

Publicado o [27/02/2013](#)

Un, que non é aínda vellouco pero xa deixou hai tempo de ser pícaro, coñece dende xacando a Calros Solla, con quen tivo a fortuna de compartir aulas. Sei ben, polo tanto, da súa brillantez e infatigable entrega á causa da literatura e a etnografía dende sempre, pois se algo caracteriza a este poeta e investigador é precisamente a súa insubornable e impenitente independencia laboriosa.

Solla puido converterse en aplicado contador de morfemas flexivos en calquera das nosas universidades. Sobrálle talento para iso e para moito máis. Pero decidiu pronto que o seu era darse ao natalicio universo cerdedense e recuperar a súa vizosísima tradición cultural, literaria oral e mitolóxica. E a tan nobre tarefa leva dedicado lustros, tempo no que non descoidou tampouco —todo o contrario: deixouna fluír en paralelo— a súa vea poética, que xa se viu recoñecida en diversas ocasións e que ten no humor ácido e reivindicativo, na formulística transxenérica, na hibridación artística e no malabar verbal os seus máis diáfanos sinais de identidade.

Coñecedor dos segredos todos do verbo xido (dos que é un dos máis senlleiros cultivadores literarios actuais), compilador da tradición literaria oral da súa bisbarra de nacemento e aínda curioso investigador do detalle histórico, Solla é o único dos nosos poetas que sabe do canto tritongado da ra, da aspereza do xábreghe e os misterios do mel de arañas, fenómenos típicos das terras raras, esas nas que é posible ver a sonda Voyager fotografando os crocodilos que devoran no pan por entre os gurgullos e oír os ecos de Mazinger nun perfecto holocausto galegozacoeano.

A palabra de Solla non é a dun zotro calquera. É voz sabida, de estornelante cómpito e, tamén si, xamarúa deicado. Aí a é.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Permítaseme, daquela, recuar no tempo até a miña tenra infancia. Fágoo sen esforzo ningún, posto que é saudosa e indelével lembranza.

Eu, alá polo ano 1979, cursaba o 3º da EXB no colexio Álvarez Limeses de Pontevedra. Presenteime a un certame literario escolar e, malia que diglósico, optei polo galego para redactar un contíño intitulado “A semente trotamundos”. Gañei —impoñéndome aos textos presentados na lingua do Imperio— e o relato foi publicado na revista da escola. Agasalláronme, con moita

pompa, cun exemplar do *Cinco semanas en globo* de Xulio Verne (en castelán) e mais un feixe de cartaces do ICONA da serie Especies Protexidas (tamén en castelán). Aínda conservo os galanos.

Viaxeí máis dunha trintena de anos no tempo, porque estou convencido de que aquel triunfo inopinado acirrou en min a ansia por escribir.

Seguín porfiando no instituto. Fíxenme, no 89, con outro premio literario e, ao ano seguinte, Antón Mascato convidoume a participar no X Festival da Poesía no Condado. Malia que non puiden viaxar até Salvaterra por unha malfadada doenza, o meu infrapoema alcólico, “Rueiro silandeiro”, apareceu impreso na escolma do festival, a carón das obras de Bernardino Graña, Manuel María, Darío Xohán Cabana, Xela Arias, Miguel Anxo Fernán-Vello... Moito fachendeei cos colegas!

Xa no ano 1999, a inestimábel Ana Acuña propiciou que Edicións Río Xuvia editase, na colección O Roibén, unha escolla de poemas que foran merecentes, en 1992, dun galardón universitario. Aparecía *Xábregho*.

A propia Ana Acuña porfiou para que, no ano 2001, se publicase o poemario *Terras raras* en ACEF-Arte Tripharia.

No ano 2003, o amigo editor Severino Cardeñoso publicou *Ras e tritongos*, unha cumprida mostra da miña poética dos noventa. O mal xa estaba feito.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Non teño queixa ningunha. Son consciente do que chimpo ao prelo. De cando en cando, un poemario algo enrabechado co que esconxuro os meus demos e, todo o máis, estudos desiguais, inspirados ou conspirados no concello de Cerdedo. Vállome de Cerdedo, berce da tribo, para redimir a miña alma de estudante informal e latador no CUVI mais en Compostela. Que Fernández Rei, Mariño e Varela me perdoen, se poden.

Cerdedo conforma un territorio entre o real e o ficcional sobre o que deito bágoas polo que puido ser e non é. Cerdedo é agre metáfora da Galiza, culturalmente inabarcábel, politicamente inasumíbel.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Fumo todo o que se deixa fumar.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Se lles dese aos bechos por escribir, ao pé dos cabalos. Figurar en calquera antoloxía de literatura galega excede todas as miñas expectativas. O feito de que vostede me teña convidado a baduar no seu selecto faladoiro fornéceme de azos abondos para seguir torturando o lector. Faga, xa que logo, por cangar coa súa responsabilidade.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Román Raña dixo de min que son un “francotirador”, un “lobo solitario”. Non me desagradan os apelativos: galgo, asexo, ouveo e, de raro en raro, mato algunha ovella.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Aos nosos clásicos. Procuo plaxiarme neles.

Tamén me alimento das nutritivas traducións de Rinoceronte (fico ben co meu editor) e cos versos vitaminados de Elvira Riveiro, Ramiro Torres, Olga Novo, Marta Dacosta, Lucía Novas, Carlos Negro, Samuel L. París... (que non se me enfaden os involuntariamente omitidos).

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Fáltalle quen as lea.

Sóbralle a impostura dos que arremeten contra o inimigo pola mañá; ao mediodía, partillan con el mesa e mantel e, pola noite, poñen a cama.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

O Sempre en Galiza.

Ben, póño-me serio. Teño na gabeta dos adiados *sine die* a “Etnografía” e a “Fraseoloxía” de Cerdedo. Foi tan boa a colleita que teño medo que apee o muíño. Con elas daría por rematada a colección Cerdedo in the Voyager e poríame, por fin, a escribir algo que me garantise a inmortalidade.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Partimos dun pretérito ‘mais-que-perfeito’ e agarda por nós un futuro hipotético. O presente anda choqueando no medio.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

“O pobo aldraxado que non empuña a alma é un pobo desalmado”.